



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E O CONCELLO DE LUGO PARA O MANTENIMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha banda:

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

Dña. Ana María González Abelleira, actuando en calidade de Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social do Concello de Lugo, con CIF P2702800J, e domicilio na Praza Maior s/n, ao abeiro da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, actuando por delegación da Alcaldía segundo o Decreto 19005684, do 1 de xullo de 2019 modificado polo Decreto 19005695, do 3 de xullo de 2019.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Segundo

Que no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero regúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.





Terceiro

Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Cuarto

Que o Concello de Lugo na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais é titular de vivendas tuteladas para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluídas na rede autonómica de centros de atención a mulleres, centros que cumpren os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o Concello de Lugo para o financiamento de gastos correntes derivados do funcionamento do servizo no centro municipal de acollida, que ten como finalidade proporcionar aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, actualmente, tan só hai en funcionamento catro centros de acollida dependentes de concellos, creados ao abeiro da Orde de 1 de abril de 1997 polo que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan á Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer unha colaboración o máis estreita posible, con cada un dos concellos e as súas casas de acollida.

SEGUNDA. CONTIDO E BENEFICIARIOS/AS

O concello comprométese a manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero dándolles aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencias ás mulleres e a súas fillas e





fillos menores que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Secretaría Xeral da Igualdade achegará a cantidade de 49.950 € (corenta e nove mil novecentos cincuenta euros). Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.460.0 (código de proxecto 2015 00146) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2020 para os gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2020 derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. **Memoria final** das actuacións desenvolvidas.
2. **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
3. **Conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, polos documentos que se sinalan a continuación:
 - a) **Certificación da intervención** ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida:
 - b) **Certificación expedida** pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - 1º. o cumprimento da finalidade da subvención





2º. os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

- identificación do acredor/a
- nº de factura ou documento equivalente
- importe
- data de emisión e data de pagamento ou data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. No caso de remitir a data de recoñecemento da obriga deberán de acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria.

c) Unha **declaración responsable** doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 15 de novembro de 2020, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 10 de decembro de 2020. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

SEXTA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta





de Galicia, permitírase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA. FORMACIÓN

O Concello de Lugo comprométese a que o persoal que desenvolve as súas funcións con carácter habitual no centro prestando atención ás mulleres participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, durante a vixencia do convenio.

NOVENA. OBRIGAS

Correspóndelle ao Concello:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevaran as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración que presta a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.
- c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos e non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- d) Garantir o disposto no Protocolo de acceso á Rede galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, asinado o 25 de maio de 2016, en todo o relativo ao ingreso de mulleres en situación de violencia de xénero no centro de acollida de Lugo.





- e) Cooperar e colaborar coa Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade nas derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, procedentes doutros centros de acollida da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, de cara a unificar criterios de actuación nas citadas derivacións dentro e fóra da comunidade autónoma.
- f) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.
- g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- h) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- i) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- j) Remitir trimestralmente, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, os datos relativos ás persoas usuarias do centro (nº persoas usuarias, nacionalidade, concello de procedencia, idade, estado civil, modo de derivación ao centro, vínculo co agresor, promedio de estancia no centro e discapacidade) así como a porcentaxe media de ocupación do centro. En todo caso os datos axustaranse ao modelo remitido pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade para o seu envío trimestral.
- k) Presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, xunto coa documentación xustificativa, unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que incluírá: o número de prazas dispoñibles do centro, os datos das persoas usuarias segundo os criterios establecidos no punto anterior, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.

DÉCIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

DÉCIMO PRIMEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL





A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Emprego e Igualdade, Xunta de Galicia e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

DÉCIMO SEGUNDA . MODIFICACIÓN , REVOGACIÓN, E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/algúnha funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), **o Concello de Lugo** en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes





registros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE
P.D (D. A. 2ª Decreto 130/2020, do 17/9/20)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA
ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

(Decreto da Alcaldía 19005684, do
1/7/2019 modificado polo Decreto
19005695 do 3/7/2019)

Susana López Abella

Ana María González Abelleira

